




Área / Unidad PARTICIPACION CIUDADANA PC1100 VPV	Documento 2381610097	
Código de verificación  0I01 2Y47 2A28 0I19 1D4W	Expediente 238/2022/23	
	Fecha 22-02-2022	

BASES DA CONVOCATORIA DE SOLICITUDE PARA O USO DOS LOCAIS DE ENSAIO

O Concello da Coruña, a través da Concellaría de Igualdade, Benestar Social e Participación organiza unha convocatoria pública para a solicitude de uso dos Locais de Ensaio durante o período de abril a outubro de 2022, para mozos e mozas da Coruña, solistas ou membros de grupos como espazo onde desenvolver as súas inxedanzas musicais.

Capítulo 1.

Artigo 1. Obxecto

A presente instrución ten por obxecto establecer as condicións de uso dos Locais de Ensaio da Concellaría de Igualdade, Benestar Social e Participación, durante unha nova quenda de duración semestral.

Capítulo 2. Réxime de participación

Artigo 2. Consideracións previas

Os Locais de Ensaio da Concellaría de Igualdade, Benestar Social e Participación son un servizo público de titularidade municipal destinados a facilitar un espazo para o ensaio musical, de xeito gratuíto e en condicións de igualdade, aos mozos e mozas da Coruña, solistas ou membros de grupos, que cumpran os criterios establecidos no artigo 3 do regulamento de uso dos Locais de Ensaio. Este espazo para a mocidade está integrado por tres locais de ensaio e por unha sala de control con capacidade para gravar maquetas e ensaios.

Os grupos que forman parte dos Locais de Ensaio teñen unha autorización de uso de 3 horas semanais.

Todas as solicitudes recibidas de grupos e/ou entidades serán valoradas por unha comisión, tras presentar formalmente a súa solicitude, nos prazos habilitados, dentro da convocatoria pública que o Servicio Municipal de Mocidade levará a cabo durante os meses de abril a outubro de 2022.

Artigo 3. Condicións xerais

A. Requisitos

A valoración realizarase seguindo os requisitos e criterios que se reflicten no regulamento do Locais de Ensaio e que se expoñen a continuación con orde de prioridade. O equipamento acollerá os grupos do concello da Coruña, cuxos integrantes teñan un mínimo de 12 anos cumpridos a 25 de abril de 2022. Considéranse grupos do concello da Coruña aqueles en que, cando menos a metade



dos seus compoñentes, estean actualmente empadroados na Coruña ou matriculados nalgún centro educativo do concello da Coruña no curso 2021/2022.

Daráselles prioridade a aqueles grupos cuxos compoñentes sexan menores de 30 anos. Porén, os grupos musicais nos que algún ou algúns dos membros excedan da referida idade terán igualmente a consideración de grupos xuvenís, para os efectos de poder acceder ao uso dos locais cando polo menos a metade dos seus membros cumpran o requisito da idade.

A valoración realizarase seguindo os requisitos e criterios que se reflicten no regulamento dos Locais de Ensaio e que se expoñen a continuación por orde de prioridade:

- Formar parte da listaxe de agarda sen posuír a condición de usuario dos locais de ensaio.
- Ter feita a solicitude no período de inscrición marcado polo Servizo Municipal de Mocidade para tal fin e cumprir todos os requisitos.
- Grupos que, estando como usuarios nos Locais de Ensaio, volvan presentar a solicitude no período de inscrición e cumpran por esta orde, os seguintes requisitos:
 - Que todos/as os/as compoñentes sexan menores de 30 anos.
 - Os grupos restantes que, cumprindo todos os requisitos, xa participasen como usuarios na anterior quenda de ocupación dos locais, incluídos aqueles grupos que foran apercibidos por un leve mal uso do servizo.

Antes do comezo de cada quenda semestral farase unha xuntanza con todos os grupos inscritos co fin de asignar os horarios de ensaio, segundo os criterios anteriormente expostos. A convocatoria realizarase vía correo electrónica.

B. Documentación a presentar

Poderán presentar solicitudes para o uso dos Locais de Ensaio aquelas persoas que, a título individual ou en representación dun colectivo musical, precisen dun local para realizar os seus ensaios.

Xunto coa solicitude, **haberá que achegar a seguinte documentación:**

- Volante de empadroamento con data de 2022 ou resgardo de matrícula do centro educativo para o curso 2021-22 de, cando menos, a metade dos/as compoñentes do grupo
- Fotocopia do DNI de cada membro do grupo
- No caso de que as persoas solicitantes sexan menores de idade, autorización do pai, nai ou responsable legal, para as actividades de ensaio como para as outras actividades propostas polos Locais de Ensaio (gravación, exhibición e formación).
 - O modelo de autorización poderá descargarse en www.coruna.es/cmix e no blog dos Locais de Ensaio (<http://locaisdensaio.blogspot.com>)
- Fotocopia do DNI da persoa que asine o permiso paterno/materno, ou do titor ou da titora.

C. Prazos de presentación

Os grupos que desexen participar deberán enviar a solicitude oficial e a documentación requirida a xuventude@coruna.gal



A solicitude oficial poderá descargarse na web municipal www.coruna.gal/cmix e no blog dos Locais de Ensaio (<http://locaisdensaio.blogspot.com>)

O prazo de presentación de solicitudes será desde o día 15 **de marzo ata o 4 de abril de 2022 ás 14.00 h.**

Todas as solicitudes aportadas fóra do prazo habilitado serán atendidas, por orde de recepción, a partires do 25 de abril.

Unha vez finalizado o prazo de presentación de solicitudes iniciárase o proceso de valoración das mesmas por unha comisión que estará formada pola concelleira de Igualdade, Benestar Social e Participación ou a persoa na quen delegue a súa representación, un/unha funcionaria, persoal técnico do Servizo Municipal de Mocidade e o coordinador dos Locais de Ensaio.

D. Criterios de valoración

As valoracións da comisión realizaranse en función dos criterios establecidos no regulamento dos Locais de Ensaio da Concellaría de Igualdade, Benestar Social e Participación.

E. Resolución

A partires do 6 de abril poderá consultarse a listaxe provisional de grupos na web www.coruna.es/cmix e no blog dos Locais de Ensaio <http://locaisdensaio.blogspot.com>

As persoas interesadas poderán presentar as alegacións que estimen oportunas na defensa dos seus intereses, nun prazo de 10 días naturais que rematará o sábado 16 de abril. Unha vez transcorrido este período, a listaxe definitiva será aprobada pola Concellaría delegada de Igualdade, Benestar Social e Participación e publicarase, a partir do 20 de abril de 2022, en www.coruna.es/cmix e no blog dos Locais de Ensaio <http://locaisdensaio.blogspot.com> .

Será notificada individualmente aos grupos vía correo electrónico, convocando aos grupos aptos á xuntanza de adxudicación de horarios, en base ao exposto no artigo 3, parágrafo A destas bases.

Artigo 4. Condicións específicas de uso dos Locais de Ensaio

Cada grupo deberá ter en conta as seguintes condicións:

- Firmar un documento de autorización do uso das instalacións indicadas. Nel figurará o nome da persoa solicitante, o seu DNI, o nome do grupo, a relación de membros que compoñen o grupo, os días e as horas en que está autorizado a utilizar os locais e a sala que debe empregar. Esta autorización estará ao disposición do grupo nos Locais de Ensaio. Calquera baixa ou alta dalgún dos compoñentes do grupo terá que ser comunicada á persoa responsable do equipamento.
- Aceptar e cumprir o regulamento interno de uso dos Locais de Ensaio
- Asistir ás reunións que se convoquen con motivo de comunicacións e información sobre o uso e as dinámicas dos Locais de Ensaio. Cada grupo terá que enviar, polo menos, a un dos seus membros para asistir á reunión en calidade de representante.



- Todas os grupos deberán seguir en todo momento as instrucións da organización para o bo funcionamento dos Locais de Ensaio a risco de ser penalizados no caso de non respectar as indicacións do persoal responsable, tal e como se recolle no regulamento.

Artigo 5. Horario de apertura dos Locais de Ensaio

O horario xeral de apertura dos locais será o seguinte:

- De tarde: luns e mércores, de 16.00 a 22.00 horas
- De mañá: xoves, venres, sábados, e domingos, de 11.00 a 14.00 h e de 16.00 a 22.00 h.

Os grupos residentes nos Locais de Ensaio poderán usar os locais 3 horas semanas na franxa horario que se determinará na xuntanza de presentación.

O uso dos locais de ensaio está supeditado á non coincidencia de eventos no recinto do Coliséum que puideran ser considerados incompatibles coa súa utilización. Esta continxencia sería notificada, sempre que sexa posible, cun mínimo de 5 días de antelación.

O horario establecido terase que respectar e deberase axustar ás franxas horarias reservadas para cada usuario/a. As persoas usuarias deberán ser puntuais á hora de finalizar o ensaio.

O horario fixado para o ensaio incluírá o tempo de montaxe e desmontar os instrumentos.

Artigo 6. Obrigas dos grupos participantes

- Respectar os horarios e os locais asignados, así como o persoal responsable destes e os/as compañeiros/as de actividade.
Non caben actitudes, comportamentos nin actividades contrarias aos dereitos humanos ou que supoñan unha discriminación por razóns do grupo humano, sexo, lingua, cultura, relixión, ideoloxía, condición social ou persoal.
- Cubrirase o parte de asistencia por parte do persoal responsable. No caso de non utilizar o local en tres ocasións consecutivas mensuais ou en seis trimestrais, sen xustificación, serán dados de baixa do uso deste equipamento.
- Só poderán acceder ás instalacións as persoas autorizadas e os membros do grupo. Queda prohibido o acceso ás instalacións por parte de persoas alleas. Só se poderán acceder en casos puntuais logo de ser autorizadas pola Concellaría ou polas persoas delegadas.
- Non se pode trasladar material dunha sala a outra nin almacenar materiais.
- Unha vez rematado o ensaio, o local e o material deben quedar recollidos para ser utilizados polo seguinte grupo. Extremarase o coidado na manipulación do material e dos cables.
- No caso de producirse danos por negligencia ou mala fe, o grupo que os ocasione, a través do seu representante, deberá repoñer integramente o danado ou abonar o importe íntegro da súa reposición.
- Cada solicitante é responsable da limpeza básica das instalacións que se lle autorice usar e deberá deixar o local nas mesmas condicións nas que estaba á súa chegada.
- Para asegurar o respecto de todos os grupos e usuarios/as, así como a seguridade e a hixiene, non se permite fumar, consumir bebidas alcohólicas nin comer nos locais.
- Co fin de preservar, tanto o equipamento dispoñible como a saúde auditiva dos usuarios e usuarias, límitase o nivel de presión sonora a 110 dB SPL, dispoñendo dun sonómetro calibrado para facer as medicións por parte do persoal. En todo caso, recomendamos o uso de atenuantes auditivos (tapóns) como xeito de prevención sensorial, e non tocar os instrumentos entre unha canción e outra, co fin de descansar o oído.



Capítulo 3. Control

Artigo 7. Seguimento do funcionamento

A Concellaría de Igualdade, Benestar Social e Participación, a través do Servizo Municipal de Mocidade, fará un seguimento para comprobar o bo funcionamento dos Locais de Ensaio e dos grupos participantes.

Artigo 8. Cumprimento da instrución

Estas bases son de obrigado cumprimento para todos os grupos que soliciten o uso dos Locais de Ensaio municipais.

O incumprimento das condicións das presentes bases, poderá implicar a perda do dereito a participar en próximos convocatorias realizados por esta concellaría durante un período dun ano, sen prexuízo das responsabilidades ás que dea lugar a normativa vixente.

Aquelas situacións que no aparezan expresamente recollidas nestas bases serán solucionadas polo responsable técnico municipal, ao que lle corresponde a interpretación das presentes bases.

Artigo 9. Uso dos Locais de Ensaio durante a crise sanitaria da COVID-19

Durante os vindeiros meses, e por recomendacións das autoridades en materia ditadas tras a crise da COVID-19, os Locais de Ensaio retomarán a súa actividade cumprindo a normativa sanitaria vixente, por medio das seguintes directrices:

1.- Horarios de ensaio

As sesións de ensaio pasan a ser de 2 horas, co fin de ter tempo suficiente para desinfectar as salas de ensaio entre a actividade dun grupo e a do seguinte. Polo tanto, os horarios quedarán definidos así:

Horario de mañá, de xoves a domingo: 11.00 a 13.00 h.

Primeira quenda de tarde, de mércores a luns: 16.00 a 18.00 h.

Segunda quenda de tarde, de mércores a luns: 19.00 a 21.00 h.

2.- Acceso

- O acceso farase pola porta nº 8 do Coliseum, e unha vez pasado o control de temperatura (creando un rexistro que se facilitaría ás autoridades sanitarias no caso de ser preciso).

- Aplicarase nas mans xel hidralcólico unha vez dentro do edificio.

- O acceso ás instalacións debe respectar a sinais do Coliseum, as medidas de distanciamento social, e o uso de máscara.

- Cada integrante do grupo terá que pisar a alfombra desinfectante antes de acceder ao corredor de acceso aos Locais.

- Preferentemente, será o posto de batería o primeiro en acceder, e o último en retirarse da sala.

- Se o corredor de acceso está ocupado por outro grupo, ou persoal dos Locais de Ensaio, agardar até que quede libre para acceder.

3.- Ensaio



- Poderán acceder ás instalacións todas as persoas integrantes do grupo usuario que teñan entregado a declaración responsable.
- Cada usuario/a terá un espazo demarcado á súa disposición, non podendo saírse do mesmo agás para manipular a mesa de mesturas, ou abandonar a sala.
- Non se poderá mover o backline do seu sitio previamente asignado.
- Por seguridade, retireuse material das salas. No caso de precisar calquera cousa, timbrar na Sala de Control (unha única persoa).
- As salas de ensaio teñen un aforo máximo (dependente da norma que nese intre rexa). Mentres haxa unha normativa sobre limitación das capacidades, a sala 1 acollerá un máximo de 4 persoas, a sala 2 pode congregarse a 6, e a sala 3 a grupos de até 7 integrantes.
- Durante este tempo non se permitirán visitas de persoas alleas ao grupo. No caso de estar o grupo incompleto, e ter que facer probas, deberá solicitarse previamente por e-mail cunha antelación mínima de 24 horas, e facilitando a pertinente declaración de responsabilidade.
- Recalcamos que o uso de máscara será obrigatorio para todos os integrantes que non toquen instrumentos de vento ou canten deberán levar máscara durante o ensaio. Os vocalistas e intérpretes de instrumentos de vento só quitarán a máscara no intre de intervir, e colocaranse de xeito que a pantalla de protección existente á súa disposición cubra a súa saída de aire. No caso de non estar permitidos os ensaios destes instrumentos durante unha etapa, os grupos usuarios serán informados.

4.- Recomendacións

- Os Locais de Ensaio seguen a estar dotados de todo o material preciso para realizar os ensaios. Porén, recomendamos a adquisición e uso de micrófonos propios para os/as cantantes. Os micrófonos dos Locais poderán solicitarse na Sala de Control, sendo sempre desinfectados logo do seu uso.
- Uso de luvas, sempre que a actividade o permita.
- Desinfectar os instrumentos, e resto de material propio utilizado.
- Comunicarse preferentemente por e-mail, no enderezo locaisdensaio@gmail.com, agás nas fins de semana, onde se deberá escribir a locaisdensaicoliseum@gmail.com

5.- Fin do ensaio

- Deberase deixar a sala tal e como estaba antes da entrada do grupo
- Non se apagará nin a luz de sala nin a extracción de aire (polo tanto, estarán acendidos en todo momento)
- Elimínase momentaneamente o uso do “*Checklist*”. A todos os grupos usuarios facilitarase un documento en formato dixital. No caso de faltar algún elemento, ou para notificar unha avaría ou desfeita, notificarase na Sala de Control, ou nun e-mail nos 60 minutos seguintes á finalización do ensaio.

6.- Outras actividades

- A gravación no estudio dos martes farase preferentemente por quendas de 1 integrante.



- A creación de fotos e videoclips farase coordinándose co persoal do departamento de imaxe, por quendas de 1 integrante.
- Cancélanse momentaneamente as actividades de concertos.
- Os Ensaio En Directo rexeranse polas limitacións de capacidade da sala 3 vixentes no intre da gravación.
- Para creación de logos, pórse en contacto co departamento de imaxe en locaisdensaicoliseum@gmail.com
- Para titorías, consultas loxísticas ou de adquisición de material, pórse en contacto en locaisdensaio@gmail.com

7.- Medidas persoais

Ademais de presentar a declaración responsable antes do inicio da actividade e non asistir se presenta sintomatoloxía asociada ao COVID-19, tanto o persoal monitor como as persoas participantes na actividade deberán seguir unha guía de pautas persoais de hixiene e prevención cada día da actividade.

Para favorecer a asimilación, comprensión e compromiso dos/as mozos/as participantes, incidirase na propia hixiene persoal e no protocolo de detección: ante calquera síntoma vinculado co COVID-19, será necesario que o comuniquen canto antes ao seu monitor de referencia (punto 3.1.2).

De xeito xeral, estas son as recomendacións persoais de hixiene e prevención:

- Información de interese:

<https://rse.xunta.gal/index.php/es/component/k2/item/8692-disponible-para-a-sua-descarga-a-guia-de-recomendacions-de-saude-laboral-ante-o-coronavirus>

- Manter a distancia interpersonal de seguridade, situándose nos puntos sinalados en cada sala de ensaio. Deberase empregar o uso de máscara tanto por parte do persoal do espazo como das persoas participantes.
- Ao tusir ou esbirrar, cubrir a boca e o nariz co cóbado flexionado.
- Usar panos desbotables e tirar estes tras o seu uso.
- Evitar tocar os ollos, o nariz e a boca.
- Evitar coller pertenzas alleas, así como o material do persoal do espazo. Así mesmo, os técnicos procurarán non compartir os seus medios particulares de traballo, tales como ordenadores, móbiles ou papelería. De ser necesario facelo, procederase a desinfectar o material posteriormente.

Artigo 10. Protocolo de actuación ante un posible caso de COVID-19

Todo/a usuario/a dos Locais de Ensaio debe aceptar o protocolo anti-covid, cubrindo e asinando o formulario que lles será facilitado. A coordinación técnica dos Locais de Ensaio será responsable da coordinación das medidas de prevención e control da COVID-19 que se establecen neste documento. Será a persoa encargada de contactar coa Xefatura Territorial de Sanidade correspondente se existise algún abrocho ou algún caso de sospeita para coordinar as medidas de control deste.

Ante a manifestación de síntomas relacionados co COVID-19 por parte dos mozos e mozas participantes na actividade, será necesario que comuniquen esta circunstancia canto antes ao técnico, que será o encargado de poñer en marcha o oportuno protocolo de illamento.



Deste xeito, a persoa participante que presente este tipo de síntomas deberá ser trasladada a un lugar illado, no que deberá permanecer e portar máscara cirúrxica.

Unha vez confirme os síntomas deberá poñerse en contacto co número de teléfono 900 400 116, ou 061 no caso de existir sintomatoloxía severa, para trasladar toda a información do caso e esperar instrucións; así como á Xefatura Territorial de Sanidade correspondente.

Así mesmo, no caso de ser menor, avisarase tamén ao pai/nai/titor legal da persoa participante, aos que se terá plenamente informados do avance da situación, así como da decisión que finalmente tomen as autoridades sanitarias.

O persoal encargado no intre no que estivese a persoa participante, encargarse de revisar o círculo de contactos estreito do grupo do mozo/a posible afectado/a, co fin de facilitar a actuación da Xefatura Territorial de Sanidade e seguindo sempre as súas instrucións. Mentres non se descarte que se trata dun caso infeccioso por COVID-19, procurarase que os seus posibles contactos estreitos teñan a menor interacción posible co resto dos participantes.

A maiores das pautas anteriores, en todo momento se seguirán as indicacións das autoridades sanitarias competentes, que serán as que tomen a decisión precisas para protexer a saúde das persoas participantes na actividade.

Capítulo 4. Datos de carácter persoal

Artigo 11. Datos de carácter persoal

Os datos rexistrados polos participantes nas solicitudes, serán recollidos e tratados conforme á Lei Orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal. De acordo coa mencionada lei os concursantes poderán exercer o seu dereito de oposición, acceso, rectificación e cancelación nos termos previstos na lei.

Disposición final

A participación nesta convocatoria supón a total aceptación das bases así como do *Regulamento interno de uso dos Locais de Ensaio e o Protocolo de actuación ante un caso Covid19*.

A Coruña, na data da sinatura electrónica do presente documento